

Xesús Alonso Montero
na Casa da Palabra

Anxo Tarrío Varela

Onte houbo festa en Ourense. A aquela cidade desprazouse o Pleno da Real Academia Galega, orlado magnificamente pola imponente e nobreza do Paraninfo do Instituto de Bacharelato "Otero Pedrayo", para recibir no seu seo a un ourensán miñoto e rural, *fillo de Ventosela e Ribadavia* (que é moito e moi enfático hendecasílabo): o profesor Xesús Alonso Montero, mestre de incontábeis xeracións, compañeiro e colega de quen isto escribe, amigo e, sen embargo, tamén tutor, no senso máis antigo e admirábel da palabra, baixo a mirada do cal é moi difícil non sentirse un como retornando á condición de pupilo, é dicir, de menor, de infante, tamén no sentido etimolóxico deste termo: "o que non sabe falar". Foi unha festa. Unha festa da palabra en liberdade, precisamente ao día seguinte de saír ceibe da súa inhumana prisión Julio Iglesias Zamora, vítima dos inimigos da palabra.

Nove anos tardou o creador de *Pedro Petouto*, aquel simpático vello, mestre subversivo, en se decidir a pronunciar o discurso preceptivo, dende que no ano 1984 fora nomeado para substituír na cadeira da Institución, agora propiamente cathedra, a aquel outro gran galego e, así mesmo, recoñecido mestre da palabra oral e escrita, que foi Rafael Dieste. Falou o profesor e falou o crítico, e fíxoo como é adoito nel: amosando gala de ben dicir e sinalando con dedo ecuánime as eivas padecidas pola Institución que con tanta ilusión axudaran a fundar dende A Habana, vai xa para noventa anos, Manuel Curros Enríquez e aquel xeneroso e culto litógrafo que foi Xosé Fontenla Leal. Moi ben falou Alonso Montero e moi ben lle contestou tamén, dende os seus oitenta e sete anos recén cumpridos, outro gran sabio e incansábel mestre das nosas letras, Xosé Filgueira Valverde.

Algún día, pronunciar o nome de Xesús Alonso Montero, equivalerá a recordar os tempos en que a palabra viva, a palabra completa na súa oralidade e na súa concatenación para expresar a complexidade do pensamento humano, aínda tiña un defensor

incondicional, un amante e coidador apaixonado, un intérprete capaz das máis difíciles improvisacións e repentizacións, un home de quen se podía predicar a súa condición de orador sen caer no abuso do termo, un mestre da fala e da construción do discurso, un filólogo, en fin, no sentido máis profundo e primeiro da expresión.

Recordarase xa para sempre Alonso Montero como un digno sucesor de Rafael Dieste, sen dúbida, que tivo voz redonda e aveludada, pero tamén digno continuador daquela verdadeira encarnación da fala viva que foi Ramón Otero Pedrayo, o noso Don Ramón por antonomasia, ou daquela "voz pegada a un hombre", como dixeran José Ortega y Gasset de Ramón Suárez Picallo, cando escoitou falar ao noso Deputado nas Cortes Republicanas, ou daquel outro ourensán, mestre de oradores que foi Eduardo Blanco-Amor.

Longos e fructíferos anos lle desexo ao mestre, colega e amigo, porque nos fai falta a súa voz dentro da Casa da Palabra, como gusta el de chamar á Real Academia Galega, para axudala a dar ese pulo definitivo que cumpra os ideais de Curros e de Fontenla. Pero tamén porque o necesitamos fóra, nas rúas, na ágora e nas aulas, para que nunca máis un ser humano viva nin un só día torturado polos inimigos do diálogo, polos asasinados das palabras.

El Correo Gallego, 31-outubro-1993